

## Ollando cara ao sur



# Ollando cara ao sur

## EDUCO

Somos unha ONG global de cooperación para o desenvolvemento que actúa a favor da infancia e a defensa dos seus dereitos, en especial o de recibir unha educación de calidade. Traballamos con nenas, nenos e a súa contorna para promover sociedades máis xustas e equitativas que garantan os seus dereitos e o seu benestar. Queremos construír un mundo onde todas as persoas poidan gozar plenamente dunha vida digna.

A nosa prioridade son as nenas, nenos e adolescentes, en particular aqueles grupos máis vulnerables e excluídos, e con atención especial cara ás nenas.

O noso traballo pretende garantir a efectiva realización dos **dereitos da infancia**, no marco da convención internacional que os regula (Convención sobre os Dereitos da Nenez, 1989) e a busca do máximo benestar infantil, que se configura como un marco axeitado para avaliar o avance cara a sociedades máis xustas.

Este **enfoque de dereitos**, leva consigo a aplicación en todas as nosas actuacións dos principios fundamentais da convención: a non discriminación, o interese superior da infancia, o dereito á supervivencia e ao desenvolvemento, e o dereito de nenos, nenas e adolescentes a expresaren as súas opinións e a seren tidos en conta en tódolos asuntos que lles afecten.

A educación, ademais de ser un dereito en si mesmo, é un medio indispensable para acadar os demais dereitos e liberdades. Por iso compartimos a convicción de que debe de ser incuestionable, dispoñible, accesible, aceptable e adaptable. Coidamos que só deste xeito ha ser quen de transformar a vida das persoas e das comunidades onde viven, contribuíndo a construír sociedades máis xustas e equitativas.

**As nosas exposicións** contribúen a dar a coñecer os problemas do mundo, co espertar de consciencias críticas na nosa contorna. Por iso, traballamos para impulsar e reforzar un concepto de **cidadanía global activa** baseado no respecto e a promoción da dignidade humana, nunha conciencia social crítica e con capacidade para xerar dinámicas transformadoras das inxustizas sociais. Iso implica **colaborar no desenvolvemento de consciencias e actitudes críticas, tolerantes, responsables e solidarias**, que sirvan para fomentar a cooperación entre as persoas e as sociedades, orientadas cara á promoción da xustiza social. Con este obxectivo, desenvolvemos accións de sensibilización en concellos, bibliotecas, centros culturais, universidades, etcétera.



# Ollando cara ao sur

## EXPOSICIÓNS EDUCO

A través desta exposición de 20 fotografías -olladas de nenos, homes e mulleres do Sur- damos a coñecer as vidas destas persoas que cada día se enfrontan á pobreza.

Unha escolma de historias auténticas e persoais que nos permiten unha aproximación máis humana á realidade cotiá dos máis vulnerables.

## EDUCO EN COOPERACIÓN

Estamos presentes en máis de 2.400 escolas e promovemos máis de 130 proxectos locais cos que beneficiamos a case 1 millón de persoas en 17 países de América, África, Europa e Asia.

## ¿EN QUE ÁREAS TRABALLAMOS?

### Educación

Queremos que tódolos nenos vaian á escola e, rematen, ao menos, a educación primaria, que a educación que reciban na escola sexa de calidade e que as súas escolas dispoñan dos materiais e espazos axeitados para o seu desenvolvemento.

### Saúde e nutrición

Queremos nenos máis saudables e acadaremos iso grazas á prevención e o tratamento de doenzas, a mellora da súa nutrición e o apoio ás súas familias para que aumenten os seus ingresos e teñan acceso a alimentos adecuados.

### Emerxencias

No caso de que aconteza un desastre natural nalgunha das zonas nas que traballamos, a nosa organización está preparada para dar resposta á posible emerxencia. Ao mesmo tempo, nalgunhas zonas, facemos traballo de prevención perante catástrofes naturais.

### Desenvolvemento Económico

Queremos que os nenos teñan un óptimo desenvolvemento e para que isto sexa posible é preciso que as familias teñan unha independencia económica. Por iso, traballamos para que os ingresos familiares que proveñen das actividades ou ocupacións sexan suficientes para poder garantir un bo crecemento e o pleno desenvolvemento de nenos e nenas.

### Protección infantil

Temos a responsabilidade de protexer a infancia fronte a calquera forma de vulneración dos seus dereitos. Traballamos para que gocen dunha contorna saudable e libre de calquera forma de violencia, abuso, explotación, negligencia ou discriminación.

### Participación Social

Desexamos facer partícipe a toda a infancia coa que traballamos das propostas de mellora pensadas e concibidas con e para a nenez. Queremos que a súa voz e opinión sexan tidas en conta.

# Ollando cara ao sur

## FICHA TÉCNICA

- Consta de 20 fotografías de 80 x 50 cm
- Fixación: 2 colgadoiros detrás de cada fotografía
- Educo ofrece sempre os seus materiais de xeito gratuíto, pedindo ás entidades receptoras asumir, se é posible, o transporte/envío da exposición.

## Actividades complementarias:

### **Palestra**

No marco da exposición fotográfica ofrecemos a posibilidade de organizar unha actividade de, ao redor de 60 minutos de duración. Esta actividade consta dunha palestra de sensibilización sobre un país onde Educo traballa.

